



Eva Díez. 3# É una case ausencia. 2018

MEDIR AS HERBAS VENTUREIRAS

Inspiras

[...]

a carreira do osíxeno imita
o zigzag que a hedra deixa na parede encalada,
a sensación de baleiro tras un rito de paso,
o corpo dun cabalo a proxectarse sobre a herba do prado.

Ao pé de canto nos falta prenden herbas ventureiras
—do latín *ventura*, as cousas que están por vir,
as sortes—
prende unha voz que asimilo ao teu rostro:

a palabra *mille-fleur*,
referida a ese fondo habitual nos tapices da Idade Media
salferidos de flores sen un patrón recoñecíbel,
sen enlaces que vullan —velaí unha galaxia, outro prado—
nin esixencias de naturalista,

de xeito que lebres, amorodos, figueiras ou damas quedan,
ás veces, pequenas de máis respecto ao xa bordado.

Pero non é mal, comprendes
na sala vermello profundo dos tapices de Cluny, hai anos,
—inspiras—
non é mal para que así
vexamos.

Alba Cid